

D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 26 de decembro do 2016, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5. CONTRATACIÓN E SERVIZOS.

A) CONTRATACIÓN.

A1. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE LOCAL SOCIAL NA PARROQUIA DE SINDRÁN

Visto a Providencia da Alcaldía de 20.12.2016 emítase o presente.-

1.- De acordo co disposto no artigo 6 do RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), son contratos de obras *“aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante...”*.

2.- Pola súa banda, o TRLCSP, regula nos artigos 111 e 138.3, o contrato menor.

De acordo con estes artigos os contratos menores, que se definen exclusivamente pola súa contía, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, e a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos.

Non entanto, no contrato menor de obras deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 do TRLCSP cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra. Consta neste senso, proxecto (NRE. 15859/2016 de 7.12.2016) redactado polo arquitecto D. Antonio Rodríguez Domínguez.

Os requisitos esixidos polo TRLCSP, teñen o carácter de mínimos polo que non existe impedimento en que, por parte do órgano de contratación, esíxanse outros en orde a delimitar os dereitos e obrigacións que asumirán as partes do contrato.

Neste senso, a base 33ª das de execución do orzamento do Concello, referida aos contratos menores, precisa que *“cando a contía sexa superior a 1.000 euros e inferior a 18.000 euros, o expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada, debendo acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, salvo que*

resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente". Respecto deste último, constan no expediente solicitude de orzamento a tres empresas para a execución do contrato.

Por máis abastamento, a citada base 33^a.2 precisa que.- "as propostas de contratos menores deberán remitirse para a súa tramitación ao Servizo de Contratación, para os efectos de comprobar que a persoa física ou xurídica proposta para a execución do contrato estea ao corrente das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social, non estea incurso nas prohibicións de contratar e que en consecuencia reúne as condicións para ser contratista coa Administración Pública, do que o responsable da oficina de contratación deberá deixar constancia escrita no expediente".

A tal efecto, consta no expediente unha declaración responsable acreditativa das condicións de aptitude e capacidade do contratista, a cal terá os efectos previstos no artigo 61 bis do TRLCSP.

Sobre os efectos da declaración responsable, a Intervención xeral da Comunidade de Madrid no seu informe de 19.7.2007 emitido sobre un procedemento en materia de subvencións, indica que.- "*La declaración responsable, por lo tanto, dado que así lo establece su normativa reguladora y dado que se trata de un supuesto en el que está permitido por la norma sustantiva, es en sí misma, una forma de acreditación de las circunstancias que en ella se recogen, cuya validez para el procedimiento no debe ser objeto de duda, a no ser que existan elementos de juicio derivados de la documentación que obre en poder de la Administración concedente o que sea conocida por ésta, que permitan al órgano al que corresponde su valoración estimar que en la empresa afectada no concurren las circunstancias declaradas*".

3.- Como xa expuxemos, de conformidade co establecido no citado artigo 138 do TRLCSP, a denominación de contratos menores, o é en consideración ao seu importe, que ha de ser inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP). Así mesmo, resulta preciso proceder a sinalar o prazo de execución do contrato que no suposto concreto que nos ocupa será de 5 meses consonte co Proxecto de referencia.

4.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. Non entanto, por Decreto de Alcaldía de 18 de xuño de 2015 (BOP nº 160 de 14.7.2016), dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade adopta o seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- APROBAR o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á aplicación 454.61900 do vixente orzamento xeral municipal.

SEGUNDO.- ADXUDICAR, por “contrato menor”, a execución da obra denominada de “*CONSTRUCCIÓN DUNHA EDIFICACIÓN PARA DESTINALA A LOCAL SOCIAL DA PARROQUIA DE SINDRÁN (EXP.054-OBRMen16)*” a *D. Luis Couso Soto con DNI. 34250517-K e/r Construcciones Couso Soto, S.L. con CIF. B-27186014, polo importe de 31.719,83.-€ aos que habería que engadir 6.661,17.-€ en concepto de IVE (21%) o que fai un total ascendente de 38.381,00.-€ segundo oferta que achega (NRE. 16163/2016 de 16.12.2016) e quen se obriga o cumprimento do contrato con estrita suxeición ao proxecto redactado polo arquitecto d. Antonio Rodríguez Domínguez (NRE. 15859/2016 de 7.12.2016)*

TERCEIRO.- Unha vez executada a obra, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede

CUARTO.- NOTIFICAR o presente Acordo ao adxudicatario e ao resto de interesados no procedemento.”

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a vinte e seis de decembro do dous mil dezaseis.

Vº e Pce.

O ALCALDE

